

II. AUTORIDADES E PERSOAL

b) NOMEAMENTOS:

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Orde do 30 de novembro de 2005 pola que se dispón o nomeamento de membros do Consello Galego de Cooperativas.

O Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro, polo que se regula a organización e funcionamento do Consello Galego de Cooperativas, desenvolve as previsións contidas na súa norma de creación, a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, regulando no seu artigo 4 a composición, no artigo 5 o procedemento de nomeamento e cesamento dos membros deste órgano, e no artigo 6 as substitucións.

En consecuencia, en virtude das facultades que me confire o artigo 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, reformada pola Lei 11/1998, do 20 de outubro, o artigo 5 e a disposición derradeira 1ª do Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro, en relación cos decretos 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e o 213/2005, do 3 de agosto, e 536/2005, do 6 de outubro, que establecen o nomeamento como conselleiro de Traballo e a estrutura orgánica da consellería, respectivamente,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. O nomeamento do director xeral de Promoción, do Emprego, Álvaro Ansias Bacelar, como vogal titular, en representación da Consellería de Traballo.

2. Os nomeamentos do director xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, Santiago Oca Fernández, e do xefe do Servizo de Fomento Asociativo Agrario, Jesús González Vázquez, en calidade de vogal titular e vogal suplente, respectivamente, ambos en representación da Consellería do Medio Rural, por proposta desta consellería.

3. Os nomeamentos de José Luis López Vázquez, José Ramalleira Vázquez e José Varela Segade, como titular primeiro, suplente primeiro e suplente terceiro, respectivamente, en representación da Unión de Cooperativas, Asociación Galega de Cooperativas Agrarias, Agaca, por proposta da citada unión.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2005.

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Conselleiro de Traballo

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

Orde do 5 de decembro de 2005 pola que se denega a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Crecente.

O Concello de Crecente remitiu o Plan Xeral de Ordenación Municipal para a súa aprobación definitiva, conforme o previsto no artigo 85.5º da

Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Da tramitación deste Plan Xeral de Ordenación Municipal cómpre destacar o seguinte:

1. O Concello de Crecente dispón na actualidade dunhas normas subsidiarias de planeamento aprobadas con data do 23-11-1994.

2. Con data do 21-11-2002 o Pleno do Concello acordou publicar un avance do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

3. Concluída a fase de elaboración do plan, foi remitido á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda para os efectos do previsto no artigo 85.1º da Lei 9/2002. Con data do 17-8-2004 o director xeral de Urbanismo, ao abeiro da orde de delegación de competencias do 6-3-2003, emitiu informe previo á aprobación inicial.

4. O Concello aprobou inicialmente o plan o día 13-1-2005 e someteuno a información pública mediante anuncios nos diarios *Faro de Vigo* do 27 de xaneiro de 2005 e no *Atlántico Diario* do 28 de xaneiro, así como no DOG do 28-01-2005. Simultaneamente déuselles audiencia aos concellos de Ribadavia, A Cañiza, Pontedeva, Arbo, Padrenda, Cortegada e Melón.

5. Segundo consta no expediente administrativo remitido, foron emitidos os seguintes informes de carácter sectorial:

a) Da Deputación Provincial de Pontevedra, do 8-3-2005, que o condiciona a determinada emenda.

b) Da Consellería de Medio Ambiente, do 22-2-2005, favorable.

c) Da Confederación Hidrográfica do Norte, do 3-8-2005, que reitera o expresado noutro anterior do 26 de febreiro de 2003, favorable.

d) Da Dirección Xeral de Obras Públicas desta consellería, do 5-4-2005, en sentido favorable pero condicionado á corrección dunha serie de cuestións.

e) Da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, do 22-4-2005, desfavorable. Posteriormente, con data do 8-8-2005 foi emitido outro informe, no cal se expresan unha serie de indicacións para a súa corrección e se require un novo sometemento a informe antes da aprobación definitiva. Non hai constancia no expediente de que este último informe fose solicitado polo concello.

6. Constan no expediente o informe emitido pola secretaria municipal o 12-5-2005, o informe do arquitecto técnico municipal do 3-11-2004 e o informe de arquitecto superior do 28-2-2005.

7. O plan xeral foi aprobado provisionalmente polo concello en sesión plenaria do 19-5-2005.

A Dirección Xeral de Urbanismo eleva o informe-proposta no cal se poñen de manifesto as seguintes cuestións:

A. Tramitación e documentación:

1. Non existe constancia de que o plan xeral que se somete a aprobación definitiva obtivese o informe

favorable da Consellería de Cultura e Deportes en materia de patrimonio cultural.

2. Existen diversas deficiencias nas fichas de análise do modelo de asentamento poboacional (tomos I e II do documento III), como desencaixes entre a escala do plano e a referida no cartel, diferenzas entre a ficha e o plano en canto ao número de vivendas (p.ex. Abelán, A Carballeira, Regodagua, etc.), ou delimitacións aparentemente erradas (como nos Coedros, onde a liña colle só parcialmente unha vivenda).

3. O plano de ordenación P-2 estrutura xeral e orgánica non expresa o contido que lle é propio conforme co artigo 39.2 A b) do regulamento de planeamento, como é a identificación dos sistemas xerais de espazos libres, equipamentos públicos e redes de sevizos. Tampouco contén os datos sobre elementos catalogados, como expresa o seu cartel, nin tampouco os ámbitos clasificados como solo urbanizable.

4. Ademais do citado plano P-2, o plan xeral só inclúe un plano de ordenación, elaborado a escala 1/2000, no cal se representan a clasificación e cualificación de todo o termo municipal. Cómpre expresar que este xeito de formalizar a ordenación non se considera axeitado, polos seguintes motivos:

* Impide a visión conxunta da clasificación do solo do termo municipal.

* Fracciona, innecesariamente, a ordenación gráfica do solo urbano en dúas follas.

* Igualmente fracciona a ordenación gráfica dos núcleos rurais en dúas ou máis follas.

5. Ademais do antedito, a ordenación gráfica do solo urbano (follas 11-4 e 12-4 do plano P-1) en varios puntos resulta indeterminada, ao confundírense as liñas representativas das vías ou das edificacións existentes coas aliñacións oficiais.

6. Detectáronse diversas deficiencias puntuais nos planos de ordenación:

* Existe unha discontinuidade gráfica na folla 11.4 do plano de ordenación P-1.

* Na mesma folla 11.4 resulta indeterminada a clasificación do solo para o ámbito cualificado como espazo libre de uso público.

7. O catálogo, naquilo que atinxe aos bens de interese arqueolóxico, non contén os documentos e determinacións que exige o artigo 75 da Lei 9/2002. Por outra banda, determinados elementos simbolizados no plano P-1 non están recollidos no catálogo (cíntanse, puntualmente e como exemplo explicativo desta deficiencia, dous cruceiros simbolizados ao nordeste do Pazo na folla 7-6).

B. Estructura xeral e orgánica do territorio e dotacións urbanísticas:

1. Os terreos que o plan cualifica con uso dotacional (espazos libres e equipamento comunitario) non están identificados particularizadamente nos

documentos escritos nin nos planos de ordenación. De tal modo que:

* Polo que atinxe aos sistemas xerais, non hai correspondencia entre as referencias e valores expresados nos puntos 5.3 e 5.4 da memoria xustificativa e o contido dos planos de ordenación.

* Respecto ás dotacións de carácter local, non se fai ningunha relación ou cuantificación das súas superficies na memoria do plan.

* Para algúns, como p.ex. o campo de fútbol situado ao norte do Pombal, ningún dos planos de ordenación recolle a súa cualificación como parcela dotacional (folla 7 do plano P-2 e follas 9-3 e 10-3 do plano P-1).

A consecuencia é que, ademais de que o plan xeral sexa menos claro e manexable a este respecto, non existe un soporte documental axeitado para xustificar e valorar o cumprimento dos requisitos que impón o artigo 47 (puntos 1º, 2º e 3º) da Lei 9/2002.

2. Na xustificación do cumprimento dos estándares mínimos de reserva de espazos libres de sistema xeral, cómpre ter presente que o espazo libre Parque Xosé Cuíña está parcialmente afectado polo paso dunha liña eléctrica de alta tensión, feito este evidentemente inflúe nas súas condicións de uso, para os efectos do previsto no artigo 47.3º da Lei 9/2002.

3. O plan xeral cuantifica como sistema xeral de equipamento comunitario público (puntos 4.3.9 e 5.4 da memoria) os cemiterios parroquiais, cando estes elementos non se axustan á definición que establece o artigo 165.2º da Lei 9/2002.

C. Núcleo urbano de Crecente:

1. O plan xeral inclúe na delimitación do solo urbano terreos en que non está xustificado que concorran as circunstancias que expresa o artigo 11 da Lei 9/2002. Trátase concretamente dos terreos situados entre a delimitación de solo urbano do vixente planeamento e a estrada xeral, e dos integridades no ámbito do polígono Vila Crecente.

2. O plan xeral non recolle axeitadamente as determinacións a que se refire o artigo 54 g) e h) da Lei 9/2002.

3. A ordenanza 1.1 casco establece que a altura permitida para os casos de derrubamento de edificacións existentes sexa a que tiñan estas. Esta determinación, ademais de carecer da xustificación precisa, non pode considerarse axeitada, e pode constituír unha reserva de dispensación (artigo 101.2º da Lei 9/2002), ao permitirilles ás parcelas edificadas cunha altura superior á prevista polo plan unha edificabilidade superior á establecida de forma xeral.

4. Na ordenanza 1.4, a referencia a operacións unitarias por medio de estudos de detalle non se axusta plenamente ao artigo 73 da Lei 9/2002, que impide, entre outros extremos, a apertura de vías públicas non prevista polo planeamento.

5. Non se atopa axeitadamente definida a ordeación prevista nunha zona situada ao leste do polígono Vila Crecente, na cal no plano de ordeación queda definido, aparentemente, unha vía que remata, sen saída, nun vértice agudo. Para esta mesma zona, non queda axeitadamente expresado o sistema polo cal o plan xeral prevé que se transforme o actual camiño na nova vía de 16 metros plasmado na ordeación gráfica (actuacións públicas illadas ou inclusión nun polígono de solo urbano non consolidado).

D. Núcleos rurais:

1. O plan xeral reconece e delimita como núcleos rurais diversas entidades nas cales só existe unha vivenda, ou ben todas as vivendas existentes se atopan en ruínas. Nestas entidades o plan xeral non deixa acreditado que se dean as circunstancias que expresa o artigo 13 da Lei 9/2002.

2. As delimitacións dos núcleos rurais da Boavista, Camán de Abaixo-O Rodo, A Castiñeira, O Cazapal, O Outeiro (Albeos), As Redondas-Vilameán, O Seixal, A Ameixeira, Os Padrosos, Saboi, Abelán, O Castro, Os Fernández, Os Piñas, A Serra-Valeixe, As Tabernas-A Viña, O Lombo-Mollapán-Souto-maior, Nane-Fornotelleiro, O Cancelo-Fontearrada-Quintela, Tixosa, A Estrada, Os Fillós-O Regueiro, A Ponte Ribadil-A Torre, A Xesta, A Corga-A Chan de Souto-O Pazo-As Quintas, As Pereiras, As Cavadas-Garabelos, Mandelos e As Quintas non cumpren a limitación máxima de 50 metros que establece o artigo 13.3º da Lei 9/2002.

3. As áreas de expansión dos núcleos da Estrada, Vilameán e Paradela, entre outros, invaden terreos que deben ser clasificados como solo rústico de especial protección de infraestruturas (artigos 13.3º e 32.2º c) da Lei 9/2002).

4. No núcleo da Frieira superponse a delimitación do solo de núcleo rural coa de solo rústico de especial protección do espazo natural das beiras do Miño (plano P-1 folla 11.5).

5. Os parámetros de densidade e edificabilidade para os plans especiais de protección, rehabilitación e mellora do medio rural establécense dun xeito xeral, sen atender as características diferenciais dos núcleos, e superando notablemente as densidades que para estes se expresan na propia memoria do plan xeral.

E. Solo urbanizable:

1. Sobre a clasificación do solo urbanizable:

* O plan xeral non achega unha xustificación sobre a que fundamentar a proposta de clasificación de solo urbanizable, consonte o contido dos artigos 15 e 32 da Lei 9/2002 (modificada pola Lei 15/2004). Particularmente, non se fai ningún tipo de consideración sobre a congruencia entre as dimensións das ditas áreas (para uso residencial 11 hectáreas de urbanizable delimitado e 227 de urbanizable non delimitado) e as previsións de asentamento poboacional e de actividades que razoablemente se poidan

considerar no horizonte temporal da estratexia do PXOM (cuxa capacidade residencial en solo urbano e de núcleos rurais duplica folgadoamente o número de vivendas existentes), congruencia que demanda o principio de utilización racional do solo (recurso natural).

* Ademais do antedito, cómpre indicar que o crecemento dos núcleos rurais, de ser xustificadamente necesario, se artella por medio das súas áreas de expansión, conforme o disposto no artigo 13 da Lei 9/2002. Polo que non pode considerarse congruente nin xustificada a previsión dos numerosos ámbitos de solo urbanizable non delimitado situados no medio rural, varios deles mesmo superando claramente, pola súa dimensión, a función que supostamente lles atribúe a memoria do plan.

* A memoria do plan xeral evidencia a dinámica regresiva do Concello de Crecente, sen que na propia memoria se formule ningunha estratexia concreta de ordeación territorial que sirva de alternativa a aquela que, en principio, semella a solución máis racional e realista, que é a de concentrar no núcleo principal de Crecente as poucas expectativas de crecemento por medio de solos urbanizables.

* A maior parte dos ámbitos que o plan xeral clasifica como solo urbanizable non delimitado teñen uns usos e características actuais que os fan merecedores dunha especial protección, polo menos de carácter agropecuario ou forestal.

2. A normativa do plan non contén as determinacións sobre esta clase de solo que exigen os artigos 57 e 58 da Lei 9/2002.

3. Para o sector denominado vivendas protexidas a memoria fai referencia á súa ordeación directa polo plan xeral. Por outra banda, obsérvase no plano de ordeación P-1 (follas 12-4 e 12-5) un esquema incompleto de ordeación. Non se atopa determinado, polo tanto, cal é a figura de ordeación pormenorizada deste ámbito.

4. Son incorrectas todas as referencias a plan parcial en ámbitos en que conforme a posibilidade expresada no artigo 57.2º da Lei 9/2002, o plan xeral ordene pormenorizadamente o solo urbanizable. Esta determinación é propia do plan xeral, e non existe ningún plan parcial.

F. Solo rústico:

1. O plan non clasifica solo rústico de protección das augas nos terreos vencellados a boa parte da rede hidrográfica do concello, sen que se achegue unha xustificación das hipotéticas reducións (non supresións) conforme o que dispón o artigo 32.2º d) da Lei 9/2002, e mesmo en contradición co estudo do medio rural do propio plan, que no seu punto 1.3 expresa que é fundamental manter unha protección de toda a rede hidrolóxica.

2. Segundo os planos de ordeación clasifícase solo rústico de protección da paisaxe e masas forestais. Sen embargo, tanto na memoria (punto 4.1 que

mesmo di que a protección forestal é exclusiva) coma na normativa (puntos 7.6 e 7.7) fanse referencias separadas a cada unha destas dúas categorías, sen especificar, axeitadamente, a aparente superposición que o plan opta por facer ao abeiro do artigo 32.3º da Lei 9/2002.

G. Outras cuestións:

1. O estudo económico non inclúe a xustificación das previsións de financiamento que cumpra realizar con recursos propios do concello (artigo 60.3º da Lei 9/2002).

2. O contido da páxina 76 da normativa non se axusta á definición e ao réxime das situacións de fóra de ordenación que establece o artigo 103 da Lei 9/2002.

3. A figura do plan especial de aproveitamento integral do monte non se axusta a ningún dos tipos que regulan os artigos 68 e seguintes da Lei 9/2002.

4. A denominación dos plans especiais de protección, rehabilitación e mellora do núcleo non se axusta á regulación que establece a Lei 9/2002 no seu artigo 72.

De conformidade co disposto polo artigo 89.1º da Lei 9/2002, a competencia para a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal correspóndelle á conselleira competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

Visto canto antecede, ao abeiro do disposto no artigo 85.5º c) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, logo de ver o informe-proposta do director xeral de Urbanismo do 5-12-2005, e considerando que as deficiencias nel expresadas, e que se veñen de reproducir no corpo desta, non son susceptibles de emenda, resolvo:

1º Denegar a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Crecente.

2º Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2005.

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras
Públicas e Transportes

Orde do 7 de decembro de 2005 pola que se aproba definitivamente o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello do Incio (Lugo).

O concello do Incio presentou o Plan Xeral de Ordenación Municipal para a súa aprobación defi-

nitiva, de conformidade co disposto no artigo 85.5º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Da tramitación deste Plan Xeral de Ordenación Municipal cómpre destacar o seguinte:

1. O 18 de maio de 2004 esta consellería emitiu informe previo á aprobación inicial, conforme o disposto no artigo 85.1º da Lei 9/2002.

2. O concello aprobou inicialmente o plan o 14 de outubro de 2004, someteuno a información pública por medio de anuncios que foron publicados nos diarios *El Progreso* (21-10-2004 e 22-10-2004) e *El Correo Gallego* (20-10-2004 e 21-10-2004) e no *Diario Oficial de Galicia* (29-10-2004), e simultaneamente deulles audiencia aos concellos limítrofes (A Pobra de Brollón, Sarria, Bóveda, Samos, Paradelas, Folgoso do Courel) e solicitou informes da Confederación Hidrográfica do Norte, da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, da Deputación Provincial de Lugo, de Renfe, do Ministerio de Fomento (Demarcación de Estradas de Galicia), da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (Dirección Xeral de Obras Públicas) e da Consellería de Medio Ambiente.

3. No expediente administrativo constan os seguintes informes de carácter sectorial:

a) En materia de patrimonio cultural: despois dun informe da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico do 25-11-2004 no que se impoñían correccións, o delegado provincial da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo emitiu informe favorable o 10-6-2005.

b) Da Deputación Provincial de Lugo, do 30-3-2005.

c) De Renfe, do 8-11-2004.

d) Da Dirección Xeral de Obras Públicas desta consellería, do 20-6-2005.

e) Da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, da Consellería de Medio Ambiente, do 22-2-2005.

4. No expediente constan, así mesmo, informes do arquitecto técnico municipal e do secretario do concello.

5. O concello aprobou provisionalmente o plan xeral o 16-6-2005.

6. Con data do 16-9-2005, a conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes resolveu non aprobar o Plan Xeral de Ordenación Municipal, conforme o artigo 85.5º b) da Lei 9/2002, impoñendo ao concello a obriga de emendar as deficiencias que lle foron expresadas na propia resolución.

7. O concello elaborou un novo documento de plan xeral, que foi obxecto de informe do secretario municipal de data 28-9-2005, e aprobado polo Pleno Municipal o 3-10-2005. O concello remite para a súa aprobación definitiva, con data do 4-10-2005, o novo documento do Plan Xeral de Ordenación